

1. **a posteriori**: do posterior, con posterioridade, despois, posteriormente. 1. loc. adv. Indica a demostración que consiste en ascender do efecto á causa, ou das propiedades de algo á súa esencia. 2. loc. adv. Despois de examinar o asunto de que se trata.

Un exame *a posteriori* dos acontecementos evidencia que os atracadores eran profesionais.

2. **a priori** (do anterior, previamente, con antelación). 1. loc. adv. usada para indicar a demostración que consiste en descender da causa ó efecto ou da esencia dunha cousa ás súas propiedades. De esta especie son todas as demostracións directas nas matemáticas. 2. loc. adv. Antes de examinar o asunto do que se trata.

Toda presunción é un xuízo *a priori*.

3. **ab aeterno**: desde a eternidade; desde moi antigo ou de moito tempo atrás.

No pretendas cambiar as cousas que forman parte da tradición xa que foron así *ab aeterno*.

4. **ad kalendas graecas**: úsase para designar un prazo que nunca se vai cumprir.

Non casou no seu momento, agora xa pode esperar *ad kalendas graecas*.

5. **ad hoc**: para isto, por isto; adecuado, apropiado, disposto especialmente para un fin:

O fiscal presentou probas *ad hoc* para inculpar o meu defendido.

6. **ad libitum**: 'Polo desexo', á vontade, ó gusto.

O tempo desta obra musical non está estipulado, senón que é *ad libitum*.

7. **ad multos annos**: por moitos anos.

Da gusto verte, alégrome da túa felicidade, que sexa *ad multos annos*

8. **addenda et corrigenda**: o que hai que engandir e corrixir.

Non esquezas poñer ó final do teu traballo as *addenda et corrigenda*

9. **alea iacta est**: o dado xa está tirado, a sorte está botada.

O que estaba nas nosas mans xa o fixemos con todo o noso empeño, agora *alea acta est*.

10. **alma mater**: nai nutricia: centro de estudos superiores no que se estudou. Por antonomasia «universidade».

Este verán hai unha reunión de ex-alumnos na *alma máter*. (É incorrecto o uso como `persona carismática centro dunha reunión': «Susana foi al *alma máter* da festa»).

11. **ante meridiem** (*a.m.*): antes do medio día.

A reunión está convocada para as 11 *a.m*

12. **ave, Caesar, morituri te salutant**: Ave, César, os que van morrer saúdante!

O espectáculo de gladiadores comenzo co habitual *ave, Caesar, morituri te salutant*.

13. **bis**: dúas veces.

A orquesta agradeceu os aplausos do público co un *bis*.

14. **bona fide** : de boa fe, con boa intención ou con honradez.

Pode que algunha vez fixera algo inconveniente, pero a súa vida está chea de actividades sociais e de compromisos, sempre actúa *bona fide*

15. **calamo currente**: ó correr da pluma; sen reflexión previa, con presteza e de súpeto. Por lo común úsase referido a escritos.

Ás veces as crónicas periodísticas exixen facelas *calamo currente* polo rapidez coa que hai que analizar a información.

16. **carnes tollendas**: Deben suprimirse as carnes. Abreviación da frase latina *dominica ante carnes tollendas* «domingo antes de suprimir as carnes», é dicir, antes de cuaresma, ou sexa, «o entroido».

É o tempo de cuaresma é o tempo de *carnes tollendas*

17. **carpe diem!** (*Horacio, Odas 1, 11*): goza do día de hoxe.

O tempo foxe inexorablemente non esperes a mañá, *carpe diem!*

18. **casus belli**: Un caso susceptible de considerarse suficiente para desencadear un problema bélico. Tamén ‘declaración de guerra’.

O repetido paso non autorizado da fronteira é considerado *casus belli*.

19. **cave canem**: ¡ollo co can!. Inscripción dos mosaicos ás entradas das domus romanas.

Cando entres na casa do veciño non vaias confiado, *cave canem!*

20.  **cogito, ergo sum**: penso, logo existo (René Descartes, *Discours de la méthode*). Toda a filosofía idealista moderna se basea nesta proposición, acadada, polo procedemento que coñecemos como duda metódica.

21. **conditio sine qua non**: Condición indispensable para que poida cumprirse unha acción ou un presuposto lóxico.

Se quero acceder á Universidade é *conditio sine qua non* aprobar a selectividade.

22. **contra naturam**: contra a natureza.

O futuro do libro está garantizado, pois ler en pantalla é *contra naturam*

23. **corpore insepulto**: co corpo sen sepultar; aplícase a certo tipo de funerais.

No obituario do xornal infórmase de que o funeral será *corpore insepulto*

**24. *corpus delicti*:** o corpo do delito (linguaxe forense)

É un alivio para os investigadores dar co *corpus delicti*.

**25. *cum laude*:** co máis alto eloxio; con alabanza.

Acadou na brillante defensa da súa tese doctóral o consenso de todo o tribunal que o calificou *cum laude*

**26. *curriculum vitae*:** carreira da vida; relación dos títulos, honores, cargos, traballos realizados, datos biográficos, etc., que califican a unha persona.

Hoxe se queres acceder a calquera posto de traballo necesita un *curriculum vitae* ben presentado.

**27. *cursus honorum*:** a carreira política durante a república romana.

O consulado en Roma era a culminación do *cursus honorum*.

**28. *de facto*:** polos feitos consumados. Pola forza das circunstancias. Segundo evidencian os acontecementos.

En moitos países, o goberno *de facto* osténtano os militares.

**29. *de incognito*:** como un descoñecido

O artista chegou *de incognito* para evitar o asedio dos fans e a prensa rosa.

**30. *de iure*:** Legalmente, por principio. De acordo coas leis.

A maioría de idade *de iure* acádase ós 18 anos.

**31. *deo volente*:** se deus quere.

Mañá *deo volente* saberei o resultado das probas médicas.

**32. *doctor honoris causa*:** Doctor honorífico.

A Universidade de Vigo pretende nomear *doctor honoris causa* o premio Nobel de economía

**33. *do ut des*:** Eu douche para que ti me des. A relixión romana fundábase neste principio.

O cidadán romano era un espírito moi práctico, cando facía un sacrificio ós deuses facíao como un *do ut des*.

**34. *dura lex sed lex*:** A lei é dura, pero é a lei. Máxima que se lembra cando se fala dunha norma dura que temos a obriga de obedecer.

Ó mellor ti pensabas que a túa metedura de pata non era para tanto e que podía ser corrixida doutra maneira, *dura ex sed lex*.

**35. *ecce homo*:** (Vulgata. *Ioh. 19:5*) ¡Mirade, o home!.

Despois dunha longa persecución na comisaría a escena do detido parecía o *ecce homo*.

**36. *editio princeps*:** a primeira edición impresa dunha obra.

Comprei nunha subasta a *editio princeps* de varias obras nas que estaba interesado.

**37. *errare humanum est*:** errar é humano.

Tampouco é para poñerse así, por unha vez que me equivoco, *errare humanum est*.

38. **et cetera**: e o resto. Para poñer couto a unha enumeración sen fin.

39. **ex aequo**: literalmente: ‘en igualdade’. Úsase a expresión cando un galardón é concedido á vez a máis de un; ou unha autoría en igualdade.

O premio nacional de ensaio concedeuse *ex aequo* a R.S. y a M.V.

40. **ex cathedra**: ‘Desde a cátedra’, en tono maxistral e decisivo. Úsase especialmente cando o Papa ensina a toda la Igrexa ou define verdades pertencentes á fe.

Onte o Papa Benedicto XVI falaba *ex cátedra* ó referirse ás implicacións éticas da clonación humana.

41. **ex iure**: de dereito ou axustado a él, por xustiza, legalmente.

A relación paterno-filial podía constituirse *ex iure* á marxe da procreación.

42. **ex libris**: etiqueta ou selo grabado que se estampa no reverso da tapa dos libros, na cal consta o nome do dono ou o da biblioteca á que pertence o libro.

Non lle busques catro pés ó gato, por fin sei quen robou o meu libro, mira o selo, ten o meu *ex libris*.

43. **ex profeso**: de acordo coa súa propia declaración, intencionadamente, expresamente, con pleno coñecemento.

Interesábame deixar as cousas ben clariñas, por iso fun e o declarei *ex profeso*

44. **exempli gratia**: a modo de exemplo.

De noite todos os animais son pardos, *exempli gratia*, os gatos

45. **extra muros**: fora das murallas.

Celebran actividades *extra muros* que non son aptas para todos.

46. **facta, non verba**: feitos on palabras.

Tes moito conto, moito prometer e pouco comprometer, pido *facta, non verba*.

47. **fiat lux**: fágase a luz.

Basta xa de oscurantimo, xa non é tempo de tebras, *fiat lux*.

48. **gratis et amore**: sen cobrar e por amor.

Vendo o resultado do teu traballo e as horas metidas nel, non podía ser de balde, pero es tan desinteresado que vexo que o fixeches *gratis et amore*

49. **grosso modo**: aproximadamente (nunca antepoñer a preposición)

Non che sei con exactitude cantos participamos no concurso, *grosso modo*, cincuenta e sete.

50. **habeas corpus**: que traías o teu corpo, que teñas o teu corpo; dereito do cidadán detido ou preso a comparecer inmediata e publicamente ante un xuíz ou tribunal para que, oíndoo, resolva se o seu arresto foi ou non legal, e se debe alzarse ou manterse. É termo do dereito de Inglaterra.

Os seus avogados solicitaron o *habeas corpus* e que se lles apliquen medidas para evitar que sexan torturados.

